

Proxecto de orde pola que se convocan prazas para a mellora da competencia lingüística e comunicativa. PIALE 2018

A CIG-Ensino manifestou unha vez máis o seu desacordo con este modelo de formación en linguas pensado para potenciar os centros plurilingües e as seccións bilingües, e non para a adquisición de maior competencia en lingua estranxeira polo conxunto do profesorado e que está tendo consecuencias no propio CXT ao ofertar prazas moi solicitadas como bilingües, e incluso sacar ao mesmo prazas de seccións, cousa que xa denunciámos e foi corrixida, ao menos nos casos detectados. Destacamos unha vez máis a ausencia do italiano.

Non vemos unha aposta decidida polo portugués, especialmente no que ten a ver coas seccións bilingües.

Desde o noso punto de vista a xestión das estadias debería ser de xestión directa. [Non o aceptan.](#)

Pensamos que se deben incrementar o número de prazas, especialmente en portugués. [Din que xa o fan, sen comentarios.](#)

Estamos en desacordo coa obrigatoriedade de ter o nivel B1 ou o B2 e non sabemos por que nuns casos se esixe B1 e noutros B2.

Hai licenzas que se solapan co período das vacacións, e isto é un traballo, as vacacións son un dereito e non poden solaparse.

Reclamamos que poida acceder a esta actividade o profesorado que non ten ningunha formación en linguas. [Non o aceptan, din que é un beneficio para quen está comprometido coas seccións e centros plurilingües e que todo o profesorado ten formación en linguas, outra cousa é que non o teña recoñecido.](#)

Destacar tamén que a modalidade 2 en inglés, portugués e alemán é para profesorado especialista ou non especialista; en francés pola contra soamente recolle especialistas, esperamos que sexa un erro que se vai corrixir. [Crean un itinerario de integración, que pretenden que sexa onde se recollen os non especialistas.](#)

Que a comisión de selección estea composta por persoal técnico e con competencia nos idiomas.

En canto á proba pola que se pode acreditar como mínimo un nivel superior do Marco común europeo posterior á licenza, queremos facer fincapé en varios aspectos:

- 👤 Consideramos imposible acadar un nivel superior ao acreditado no momento de presentación da solicitude.
- 👤 Queremos saber quen vai facer esa proba, se a Administración ou empresas alleas á mesma que como sabemos fan habitualmente probas de nivel recoñecidas. Consideramos que, de habela, debe xestionarse desde as EOIs. [Non aceptan que sexan as EOIs, a entidade certificadora ven dada pola empresa do prego.](#)
- 👤 Preséntase como unha proba obrigatoria, estamos en contra da súa realización pero en caso de habela que sexa, cando menos, voluntaria.

Sobre o baremo a CIG-Ensino propón:

- ★ Artigo 3, entendemos que o persoal interino ten que ter acceso en igualdade. É un dereito, ademais en coherencia ao que di a lexislación europea. En todo caso tería preferencia quen non participou, despois os que participaron. [Non o aceptan.](#)
- ★ Incrementar a puntuación da antigüidade de tres a seis puntos
- ★ Reducir o apartado 2.4 de 4 a 2 puntos.
- ★ Apartado 2.6. Solicitamos que se faga unha estratificación en función da participación: que se recolla a prioridade das persoas que non participaron nunca. Se non se acepta a nosa proposta de facer grupos de prioridade segundo teñan ido ou non, habería que incrementar a 15 puntos que favorecería ás persoas que nunca foron. [Din que non quedou ningún fora que solicitara o PIALE por primeira vez.](#)